



IES Poeta Añón –OUTES-
A Coruña

Proxecto Lector

de

Centro



Imaxe dispoñible na rede en
http://astridtoyo.files.wordpress.com/2009/01/libros_01.jpg

ÍNDICE

	páx.
0. Introducción	1
1. Análise da situación de partida	2
Contexto do centro.....	2
Descrición de accións levadas a cabo polo centro no ámbito do desenrolo lector.....	3
Análise das prácticas lectoras e escritoras do alumnado.....	3
Análise da infraestrutura bibliotecaria	4
2. Obxectivos do plan lector: principios básicos e compromisos.....	6
3. Estrutura de coordinación, información e apoios	7
Estrutura organizativa de coordinación	7
Mecanismos para a circulación e difusión das accións do proxecto lector	7
Colaboración con outros sectores.....	7
Presuposto.....	7
4. Actividades propostas.....	8
5. Intervencións que cómpre sistematizar	10
6. Recursos humanos e materiais.....	10
Recursos humanos	10
Recursos materiais	12
7. Criterios e procedementos de avaliación	15



PROXECTO LECTOR IES POETA AÑÓN de Outes (A Coruña)

0. INTRODUCCIÓN.

A experiencia diaria na aula dinos que boa parte dos nosos alumnos carece dun hábito lector e/ou atopa grandes dificultades para entender o que len e organizar a información transmitida polo texto. Os expertos sinalan a este respecto unha clara relación causa efecto entre os problemas de lectura (ben sexa de comprensión, de hábitos ou de fluidez) e o fracaso escolar.

O noso centro non parece escapar a esta tendencia xeral, recollida no informe Pisa do ano 2003, que sinala que un 21 % dos adolescentes españois non alcanza sequer o nivel básico de lectura e comprensión de textos escritos.

É por esta razón pola que se fai necesario o deseño dun **Proxecto Lector de Centro**, consensuado por todo o equipo docente, no que o fomento da lectura sexa unha prioridade e unha tarefa que incumbe a todos os que teñen responsabilidades na educación: pais e profesores. A lexislación autonómica en materia educativa así o recolle no DECRETO 133/2007 que regula as ensinanzas de Educación Secundaria en Galicia. No seu artigo 5º establécese:

"A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector de centro".

Debemos, pois, ter moi presente que a lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias. Pero ademais de servir para aprender, a lectura debe ser un instrumento útil para:

- Satisfacer a curiosidade.
- Desenvolver a capacidade de investigación persoal, para resolver dúbidas puntuais.
- Pór en marcha a imaxinación do lector.
- Sentir, gozar e comprender o mundo que nos rodea.

Neste marco, a biblioteca escolar configúrase como un recurso imprescindible para a formación do alumnado nunha sociedade que demanda cidadáns dotados de destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas, a selección crítica das informacións e a construción autónoma do

coñecemento. É, ao mesmo tempo, un espazo privilexiado para o achegamento á lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para a adquisición do hábito lector e para configurar unha comunidade de lectores polivalentes. Pero, tal e como apunta Álvaro Marchesi (director do Estudio sobre Bibliotecas Escolares -2005, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez) :

“ Só na medida en que exista un compromiso de toda a sociedade; que os profesores dediquen un tempo a ler na súa disciplina libros de viaxes, de literatura, de música, de deporte.. e a familia apoie esta dinámica, a lectura estará no centro de aprendizaxe e o coñecemento, camiño esencial para mellorar as competencias comunicativas na escola.”

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

CONTEXTO DO CENTRO

O noso centro, un IES de nova creación inaugurado no curso 98-99, ofrece estudos de Ensino Secundario Obrigatorio, un PCPI e Educación para Adultos (nivel III). No curso 2008-2009 conta con 215 alumnos matriculados e un claustro de 32 profesores. Atópase situado na capital do municipio (duns 8000 habitantes) a uns 40 quilómetros de Santiago de Compostela, na ría de Muros-Noia. As súas características orográficas fan que o alumnado, residente en distintas zonas rurais dispersas, dependa nun 90% dos casos do transporte escolar para acceder ao centro.

En canto á oferta cultural da zona, o concello conta cunha Casa de Cultura que desenvolve un importante programa de actividades ao longo de todo o ano. Existe tamén unha Biblioteca Pública Municipal. O problema para moitos dos nosos alumnos á hora de utilizar estes servizos radica na dificultade de desprazamento á capital do municipio que concentra boa parte da oferta cultural e de lecer. Non todos os núcleos rurais nos que residen dispoñen de transporte público (só aqueles próximos ao eixo principal de comunicación). Como dato significativo, nunha enquisa realizada no curso 2006-2007 entre o alumnado de 4º ESO só un 2% di facer uso da Biblioteca Municipal; e isto a pesar de que un 74% manifestaba, nesa mesma enquisa o seu gusto pola lectura.

Con respecto aos intereses, capacidade de traballo e integración na institución escolar do alumnado, aprécianse diferenzas notables entre os que pertencen a un medio socio-familiar máis desfavorecido e aqueles outros cuxa integración persoal, social e cultural é máis estable.

DESCRIPCIÓN DE ACCIÓNS LEVADAS A CABO POLO CENTRO NO ÁMBITO DO DESENROLO LECTOR

Contamos cunha biblioteca escolar, que leva desde o curso 2004-2005 traballando na dirección apuntada na introdución. A nosa biblioteca deixou así de ser un mero almacén de libros e lugar de estudo, grazas ao apoio do Equipo Directivo e o labor dun grupo de docentes que integran o Equipo da Biblioteca. O maior uso que se fai na actualidade das instalacións por parte do alumnado e do profesorado subscribe e reafirma positivamente ese traballo. As estatísticas de préstamos de fondos incrementáronse considerablemente e realizouse un labor de renovación de fondos e adecuación das instalacións grazas a axudas económicas institucionais procedentes do MEC e da Consellería de Educación.

ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS DO ALUMNADO

Estes resultados positivos non nos deben ocultar a outra realidade: as materias pendentes ás que o noso centro (e con el a biblioteca) se enfrenta e que podemos concretar nas seguintes:

- Len máis os usuarios que xa tiñan adquirido un certo hábito lector. Pero segue existindo unha elevada porcentaxe de alumnos que apenas le ou non le nunca. Este dato ten un claro reflexo negativo nos resultados académicos que nos leva a falar de "fracaso escolar".

Na análise realizada dos problemas de lectura, os máis destacados foron:

- Dificultades na comprensión lectora.
- Escaso vocabulario e con pouca riqueza.
- Falta de motivación e hábito
- Problemas de concentración.
- Escasa motivación na familia e escasos medios en casa.
- Dificultades en:
 - Selección de libros de lectura para entretemento.
 - Localización de fontes de información adecuadas a unha actividade ou necesidade.
 - O manexo de obras de referencia.
 - A localización de documentos na biblioteca.

-Non logramos, na medida esperada, facer partícipes ás familias da necesidade de traballar en equipo co centro, de cara a potenciar o hábito lector.

-Tamén hai un sector do profesorado que non abandonou na aula a práctica tradicional do traballo baseado (única e exclusivamente) no libro de texto.

ANÁLISE DA INFRAESTRUCTURA BIBLIOTECARIA.

INSTALACIÓNS (espazo e mobiliario)

A biblioteca conta con 94 m², repartidos en dous andares. Creáronse novas zonas dentro das limitacións espaciais do recinto (lectura informal, publicacións periódicas, zona de ordenadores, de traballo individual e en grupo). Tamén ampliamos os andeis no andar superior (literatura de ficción) e no inferior (documentos divulgativos e informativos). Instalamos un gran estor no ventanal, para facer máis agradable o uso deste espazo. A zona de ordenadores foi equipada con catro postos fixos conectados a Internet e unha impresora láser a cor para o seu uso por parte do alumnado. Hai conexión WI-FI en todo o recinto. Ademais instalouse un ordenador portátil na entrada para uso exclusivo de consulta do catálogo en liña de fondos.

FONDOS documentais

- Na actualidade existen 8400 rexistros na base de datos do programa de xestión MEIGA.
- A distribución aproximada de fondos é a seguinte:
 - **Referencia e informativos:** (55%).
 - **Literatura:** (40%).
 - **Outros** (CDs, revistas, DVDs, vídeos, CD-ROM, xogos, mapas...): (4%).
- Cóntase coa suscripción ás revistas "Muy Interesante", "Clio", "Qué leer", "Cuadernos de Pedagogía", "Cerna", "Pelo, Pico, Pata", unha publicación en francés: "Okapi" e outra en Inglés "I love English". Igualmente recibimos diariamente "La Voz de Galicia" e "Galicia Hoxe".

ACTUALIZACIÓN DE FONDOS e EXPURGO

- Fíxose un importante esforzo de renovación e ampliación de fondos. As axudas económicas recibidas, permitiron crear unha pequena filmoteca con películas en formato DVD, así como iniciar unha colección discográfica cos CDs máis representativos dos distintos estilos musicais ó longo da historia.
- Creouse unha pequena biblioteca de libros para pais e nais en torno ós temas da adolescencia-educación.
- Igualmente, a colección de ficción veu incrementada a calidade e cantidade de exemplares destinados a un público xuvenil, xunto con clásicos adaptados e banda deseñada.
- Foron varios os Departamentos que realizaron tarefas de expurgo dentro daquelas seccións relacionadas coas súas respectivas áreas. No obstante, será necesario continuar este labor no futuro.

PERSOAL

- Dúas coordinadoras (a responsable da BE e a Xefa do Dpto. de AAEE), con 7 e 3 horas semanais de dedicación respectivamente e con formación específica no ámbito de Bibliotecas Escolares.

- Sete profesores integrantes do equipo da biblioteca, con 20 horas en total nas que se inclúen o tempo de atención durante os recreos e as horas dedicadas á xestión e catalogación.

SERVIZOS OFERTADOS

HORARIO : O actual equipo da biblioteca asegura a súa apertura nos recreos (10 á semana) momento en que máis acoden os alumnos. A maiores, dispónse de 10 horas máis distribuídas no horario lectivo semanal, nas que se ofrece apoio formativo ós grupos tutoriais que se acerquen pola biblioteca.

- A Biblioteca permanece aberta durante 2 horas repartidas en 2 tardes. Deste xeito, se facilita o acceso non só ó alumnado da tarde-noite de PCPI e EPA, senón tamén ó resto da comunidade .
- ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN na actualidade:
 - Préstamo de fondos
 - Lectura na sala (individual e en grupos - clase)
 - Consulta e estudio.
 - Uso de ordenadores con conexión a Internet.
 - Busca no catálogo informatizado (OPAC de MEIGA)
 - Actividades de formación de usuarios
 - Actividades de dinamización e fomento da lectura.
 - Servizo de publicacións (guía de usuarios, guía para pais e nais, boletíns, guías de lectura e de cine)

XESTIÓN DA BIBLIOTECA

AUTOMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O proceso de automatización iniciouse no curso 2003-2004 usando para elo o programa MEIGA. Na actualidade, practicamente tódolos fondos están catalogados incluídos os radicados nos Departamentos. O préstamo está automatizado dende xaneiro de 2006. No curso 06/07 iniciamos ademais o reetiquetado e recatalogación de fondos, especificando as MATERIAS (ou descritores), tarefa que pretendemos continuar.

INTEGRACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Continúase a incorporación da Biblioteca no organigrama do centro. No curso 05-06 levouse a cabo a integración nos seguintes órganos representativos: Claustro do Profesores, Consello Escolar e CCP.

Do mesmo xeito, os seguintes documentos incorporaron apartados relacionados coa Biblioteca:

- A Programación Xeral e Memoria Anual do centro.
- O Plan de Normalización Lingüística establece tamén a colaboración co Equipo da Biblioteca.
- As Programacións Didácticas dos distintos Departamentos van pouco a pouco incorporando a Biblioteca Escolar como espazo educativo fundamental para o apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- O PEC, inclúe o modelo de biblioteca escolar, as súas funcións e obxectivos.

- A BE relaciónase tamén co Plan de Acción Titorial, porque entendemos que constitúe unha eficaz instrumento de cara á formación integral dos alumnos como futuros usuarios.

2. Obxectivos do proxecto lector: principios básicos e compromisos

Obxectivos do proxecto lector para os cursos 2010-2011 e 2011-2012

- Fomentar a lectura desde un proxecto global do centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.
- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e a configuración dunha comunidade de lectores activa.
- Educar no uso crítico da información.
- Rendabilizar esforzos e recursos e colaborar con outros centros educativos e a biblioteca pública.
- Implicar á comunidade educativa en accións do proxecto lector anual.

Principios básicos

- O centro educativo é un lugar de irradiación cultural.
- O ensino da comprensión lectora e a expresión escrita farase de modo interdisciplinar.
- A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento das estratexias de traballo.
- Todo o profesorado é responsable e implícase no proxecto lector nos niveis e áreas correspondentes potenciando a comprensión lectora, base de toda aprendizaxe.
- As intervencións ao redor da comprensión lectora e o desenvolvemento de prácticas lectoras vanse construíndo permanentemente, non só ao longo do período de escolaridade obrigatoria.
- O centro produce coñecementos e xera materiais diversos para o desenvolvemento do proxecto lector.
- Se compensan desigualdades grazas ás políticas de préstamo, á apertura en horario extraescolar da biblioteca do centro, e á complementariedade coa biblioteca pública municipal.

Compromisos.

Debemos entender e asumir que este proxecto lector deberá:

- Estar integrado no Proxecto Educativo do Centro e no Proxecto Curricular.
- Ser deseñado e posto en práctica por todo o equipo docente, ou polo menos o maior número posible de profesores.

- Contemplan, en cada unha das áreas de xeito explícito, que estratexias se van a utilizar para contribuír ao desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector; así mesmo, deberase definir que obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, relacionados coa lectura, se van a desenvolver ou potenciar.
- Estar centrado no alumno (será prioritario o coñecemento da súa psicoloxía, preocupacións e gustos).
- Centrar boa parte das súas actividades na biblioteca escolar. Para elo, concíbese a biblioteca escolar como un centro de documentación, información e recursos e un eixo sobre o que virará todo o desenvolvemento do proceso curricular.
- Ter en conta as diferenzas (capacidades, actitudes, intereses...) entre os alumnos.
- Aproveitar as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) integrándoas no Proxecto Lector como ferramentas fundamentais.

3. Estrutura de coordinación, información e apoios

1. **Estrutura organizativa de coordinación:** Profesorado, Equipo Directivo, Equipo coordinador do PL, responsable da biblioteca escolar. (Ver apartado 6)
2. **Mecanismos para a circulación e difusión das accións do proxecto lector.**

Ó inicio de cada curso, comunicarase ó profesorado os obxectivos e accións previstas de cara á posta en marcha do PL. Ó longo do curso, tratarase de facer un seguimento do seu desenvolvemento nas reunións da CCP e do Claustro.

Ademais, o traballo coas novas tecnoloxías permitirá dispoñer das ferramentas ideais de cara á difusión do Proxecto, dos seus obxectivos e actividades. A creación dun Blog de biblioteca, da páxina web do centro e o correo electrónico contribuirán a este fin.
3. **Colaboración con outros sectores** (familia, biblioteca pública, outros...). O PL está condenado ao fracaso se non conta co compromiso da comunidade educativa. Este compromiso inclúe a súa aprobación polo Consello Escolar, a participación activa na súa difusión da AMPA como estrutura de participación das familias, e a participación activa das nais e os pais. O fondo documental da Biblioteca escolar e as súas actividades han de estar abertas aos pais con actividades concretas que aseguren a súa participación e a súa formación como usuarios. Igualmente, o centro deberá estar aberto ó traballo con institucións de carácter socio-cultural da zona.
4. **Presuposto.**

Independentemente das axudas institucionais anuais que se reciban, en reunión de claustro foi aprobado un orzamento anual para a Biblioteca do 6% da cantidade total asignada ao centro para o seu funcionamento. Este importe estaría destinado á renovación de fondos e á adecuación de espazos e equipamentos.

4. Actividades propostas e temporalización

4.1 A nivel dos DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

- Todas as programacións dos departamentos didácticos poderán incluír unha lista de lecturas recomendadas para cada nivel (**ITINERARIOS LECTORES**), que serán á súa vez entregadas aos alumnos. Trátase dunha relación de lecturas tanto informativas coma de ficción, vencelladas ao traballo de aula e que o lector curioso poderá atopar na biblioteca do centro.

- Tamén deberán facerse constar actividades deseñadas especificamente para traballar a comprensión lectora.

- **PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS**

Dende a biblioteca proporase ós departamentos didácticos a realización de traballos de investigación dentro da súa área, en relación co tema proposto na programación anual da biblioteca. Así, para o curso 2009-2010, traballarase o tema da tradición oral en Outes dende unha perspectiva multidisciplinar. Os resultados das investigacións poderán ser presentados á comunidade en calquera tipo de soporte (papel ou dixital) e forma (póster, libriño, revista, presentación "power point" ...)

4.2 A NIVEL DA DIRECCIÓN DO CENTRO

- **HORA DE LER.**

Tras acordo en claustro, o profesorado se comprometeu a ceder unha sesión da súa materia por trimestre e aula para a lectura. O Equipo da Biblioteca elaborará ó inicio de cada trimestre un calendario de lectura de xeito que se asegure unha hora de lectura semanal por cada grupo. Tratarase de que cada docente escolla documentos en relación coa súa materia e propoña unha lectura colectiva ou ben individual segundo lle pareza máis axeitado ó grupo. Nese sentido o equipo da biblioteca procurará poñer a disposición do profesorado un material amplo e variado en relación coas distintas áreas no que se manexen todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, gráficos, ...

- **COFRES DE LECTURA.**

Ó inicio de cada trimestre, equiparase cada aula cun cofre contendo documentos de distinto tipo (libros divulgativos, cómics, revistas, ficción, poesía...) adaptados á idade e gustos do alumnado. Como xa se veu facendo nos dous últimos anos, a idea é facer uso deste cofre cando falte un profesor e non teña asignada tarefa para o alumnado, ou ben para tempos "mortos" como, por exemplo, ó remate dun exame . Trátase de lectura silenciosa, sen pedir nada a cambio (nen resumos, nen exercicios, nen exames).

▪ TÉCNICAS DE PROCURA DA INFORMACIÓN.

Os titores de cada un dos grupos comprométense a levar a cabo nas sesións de titoría (como mínimo unha vez ó mes) actividades relacionadas coa adquisición de competencias de procura da información e alfabetización informacional (ALFIN). O equipo de biblioteca así como o Departamento de Orientación proporcionarán aos titores todo o material que precisen.

▪ MOCHILAS VIAXEIRAS

Permitirán achegar os recursos da bibliotecas ás familias, realizando o préstamo de distintos materiais, según as preferencias lectoras recollidas previamente nun cuestionario.

4.3 A nivel da BIBLIOTECA ESCOLAR

Dentro da súa programación anual, como xa se ven facendo nos últimos anos, o Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir as seguintes actividades:

- Realización de actividades de promoción, difusión e animación na lectura en datas significativas: Día das Bibliotecas, da Poesía, do Teatro, da Tradición Oral, Letras Galegas, Día do Libro, ...)
- Organización de sesións de FORMACIÓN DE USUARIOS e difusión entre os titores de material de apoio dentro do ámbito da ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL .
- GUÍAS DE PÁXINAS WEB e MATERIAL MULTIMEDIA: Seleccionaranse e entregaranse ó profesorado unhas direccións web que poidan ser de interese para desenvolver actividades de formación documental. Nese sentido dende a biblioteca procurarase animar ó profesorado, a traballar nun proxecto común, no que cada materia poida colaborar dun modo diferente.
- Organización de gymkanas culturais, como a OLIMPIADA DO SABER, co fin de promover a consulta de enciclopedias e fondos da biblioteca colaborando así directamente na formación documental. Ó formato en papel de este tipo de concursos, se poderá engadir a elaboración de "webquests" e cazas do tesouro en soporte dixital co fin de incorporar as TIC á formación documental.
- Outras actividades:
 - Creación e promoción dun Club Lector.
 - Visitas a bibliotecas do noso contorno.
 - Actividades de lectura en público.
 - Programación de actividades en torno ó tema anual da biblioteca .
 - Xuntanzas con escritores.
 - Contacontos.
 - Participación dos alumnos en obradoiros de lectura, escritura, banda deseñada...
 - Elaboración dun blog de biblioteca de centro.
 - Programación de actividades en torno a películas (con motivo dunha data, un tema...).
 - Exposicións de reseñas literarias feitas polo alumnado do centro.

- Promoción de Campañas e Boletíns con listaxes de libros aconsellados .
- Invitar a artistas locais a que expoñan a súa obra na biblioteca.
- Colaboración directa con entidades de tipo socio-cultural do entorno e coas familias.

5. INTERVENCIÓNS QUE É NECESARIO SISTEMATIZAR.

- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en tódalas áreas.
- Fomento de hábitos de lectura en tódalas áreas.
- Actividades de educación documental (alfabetización informacional.)
- Integración das TIC.
- Implicación das familias e do contorno.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1 Recursos humanos.

Todo o profesorado é responsable, baixo a coordinación dos **XEFES DE DEPARTAMENTO**, da posta en marcha do Proxecto Lector co fin de asegurar a integración curricular do Proxecto lector nos distintos Departamentos Didácticos:

- É a súa responsabilidade, a incorporación dos seus obxectivos e contidos ás programacións didácticas, de actividades e materiais ás Unidades Didácticas, de actividades de avaliación para asegurar a mellora da competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.
- Esta responsabilidade é complementaria coa colaboración no desenvolvemento do resto de accións de centro, incluída a propia formación sobre o papel de lectura na práctica docente.
- Deberá dedicar en cada unha das clases un tempo específico guiado ou autónomo á lectura.

A coordinación da posta en marcha e aplicación do PL corresponderá ó **EQUIPO DIRECTIVO** contando co compromiso da comunidade educativa.

- Corresponde ao equipo directivo liderar o PL e pór en marcha todas as estratexias necesarias para a súa implantación no centro, para o seu desenvolvemento coordinado e para a realización dun proceso de avaliación interna do mesmo.
- Así mesmo deberá integrar o proxecto lector de centro dentro da Programación Xeral Anual.

Equipo Coordinador do Proxecto Lector

- O Proxecto lector debe desenvolverse en equipo e para asegurar o seu alcance é imprescindible a existencia dun Equipo interdisciplinar de Profesores, responsables de distintas áreas. Este Equipo terá unha dobre función:
 - Colaborar na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do PL
 - Executar de xeito directo as actividades da chamada "Hora de Ler" contribuíndo a incorporar no Proxecto os distintos tipos de contido e formatos de texto.
 - Colaborar co equipo directivo na coordinación de todo o proceso.

Responsable da Biblioteca.

A persoa responsable da biblioteca é a encargada de coordinar todos os procesos asociados á lectura, para garantir o desenvolvemento eficaz do PL. Esta figura tería como tarefas:

- Axudar a programar o PL desde a análise da situación, as necesidades e as intencións do centro escolar.
- Axudar a organizar a documentación e os recursos dispoñibles.
- Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar os seus uso mediante un horario compatible coas actividades curriculares e extracurriculares.
- Colaborar nos procesos de uso didáctico da biblioteca cos profesores de área, curriculares e extracurriculares, as demandas que formulen os propios alumnos ou os pais (cine, teatro, recitais e certames, exposicións, etc.) e en xeral, do uso público da biblioteca escolar .
- Coordinar as tarefas dun equipo de apoio bibliotecario (pais, alumnos, profesores, entidades externas).
- Planificar accións de dinamización bibliotecaria entre os profesores, alumnos e pais, de forma conxunta e separadamente.
- Colaborar na formación do alumnado, profesorado e familias como usuarios.
- Coordinar e actuar de enlace entre as súas propias actuacións coas do centro, área e axentes externos.

Debe quedar claro que a persoa responsable da biblioteca ten que garantir a organización dos fondos bibliográficos e as actividades de animación á lectura, pero non se debe de considerar a lectura como unha actividade propia, específica e, xa que logo, exclusiva da biblioteca e desvinculada do resto das áreas.

Estudantes

Asumirán autónoma e responsablemente o papel de protagonistas do proceso. Participarán activamente no programa:

- Como protagonistas do acto lectoescritor
- Como membros das diversas estruturas organizativas:
 - Monitores de biblioteca.
 - Axentes de animación.
 - Autores de textos.
 - Apoio á selección de fondos.
 - Difusores das actividades.

Pais e nais

- Participarán nos talleres de formación deseñados para eles.
- Implicaranse nas actividades que se planifiquen.
- Crearán un clima lectoescritor no fogar.

6.2 Recursos materiais

A Biblioteca Escolar.

É o eixo en torno ó cal xiran todas as actividades recollidas no Proxecto Lector, e nela concéntranse os fondos documentais do centro. Conta cuns recursos variados que xa describimos (bibliográficos, audiovisuais e informáticos) que deberían permitir convertela en auténtico centro de documentación, información e recursos, e eixe do desenvolvemento do currículo. Estes recursos íranse mellorando e ampliando tendo como criterio fundamental a adecuación aos niveis lectores

Os cofres e a biblioteca de aula.

En cada aula existirá unha dotación mínima de obras de referencia e documentais: dicionarios nas catro linguas que forman parte do currículo da ESO: castelán, francés, galego e inglés. Esta biblioteca contará tamén con atlas. Os cofres serán igualmente dotados de documentos de ficción e de tipo divulgativo, sendo renovados cunha frecuencia trimestral.

As novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)

Deben contribuír decisivamente á creación dun clima motivador, xerador de interese e curiosidade polo mundo da lectura e da escritura. No noso centro as posibilidades de usar as tecnoloxías avanzadas son moitas: na sala de audiovisuais, nas de informática, na biblioteca ou nas propias aulas ás que se poden levar diferentes equipos portátiles. Deberá terse en conta as enormes posibilidades didácticas que ofrecen os materiais en soporte dixital, como por exemplo os BLOGS de aula.

A Biblioteca persoal

Debemos incentivar ao alumnado a ir creando a súa propia biblioteca valorándoa e sacándolle proveito en caso de tela o alumno ou a súa familia.

Recursos en liña

Algúns recursos electrónicos que poden axudar ó profesorado na selección de materiais encamiñados á construción do hábito lector e á educación documental:

A. RECURSOS EN RELACIÓN COA CONSTRUCIÓN DO HÁBITO LECTOR

<http://web.educastur.princast.é/proxectos/abareque>

Revista Abareque: A construción do hábito lector (Guía de recursos)

<http://www.fundaciongsr.es/salamanca/default.htm>

A través do epígrafe Promoción da lectura accédese ás guías de lectura e seleccións bibliográficas desta institución.

<http://www.clubkirico.com>

Páxina ao redor da literatura infantil e xuvenil realizada por un numeroso grupo de libeiros especializados en libros para nenos e novos. As súas guías temáticas resultan utilísimas pola súa orixinalidade e coñecemento.

<http://www.educared.net/aprende/vivircuento/index.htm>

<http://www.educarm.es>

<http://www.imaginaría.com.ar>

Revista electrónica pioneira, de periodicidade quincenal e realizada en Arxentina. Extraordinaria cantidade de información sobre Autores, Lecturas, Ficcións, Libros, Ligazóns....

<http://www.oepli.org/galix>

ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

<http://www.alin-almeria.org>

ALIN. Amig@s do Libro Infantil e Xuvenil. Veterana asociación de mestras e mestres amantes dos libros para nenos e novos que desde fai moitos anos vén desenvolvendo un intenso labor de promoción da literatura infantil e xuvenil. No ano 2001 recibiu o Premio Andaluz de Fomento da Lectura.

<http://revistababar.com/web>

BABAR. No seu índice aparecen Novidades, Reseñas de libros, Noticias, Entrevistas con Autores, Ilustradores, Artigos, un apartado dedicado á Ilustración, Premios, un Foro sobre Literatura Infantil e Xuvenil e unha sección de enlaces.

<http://www.filix.org>

BIBLIOTECA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL. Interesante páxina sobre libros, autores e ilustradores de literatura infantil que publican en galego. As súas informacións son de extraordinaria utilidade e a lista das súas enlaces é moi completa.

<http://www.cervantesvirtual.com/portal/prateiro>

BIBLIOTECA VIRTUAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL.

Este portal, vinculado á Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, diríxese, por unha banda, a todas as persoas implicadas no proceso educativo: alumnado, profesorado, familias e persoal bibliotecario; por outro, a quen investigan e interéсанse pola recuperación da literatura infantil española e hispanoamericana.

<http://www.cervantesvirtual.com/portal/alece/>

Dentro do portal da biblioteca virtual Cervantes, atopamos a base de datos Adaptacións da literatura española no cine español. Referencias e bibliografía. Recóllense as películas españolas e/ou as realizadas en coprodución con outros países que son adaptacións de obras da literatura española, tanto teatrais como contos ou novelas.

<http://www.auladecine.com/>

AULA de CINE ofrece aos docentes información, materiais e publicacións relacionados co uso didáctico do cine.

<http://www.chicosescritores.org>

Páxina moi interesante realizada pola editorial Fondo de Cultura Económica e a Universidade Nacional Autónoma de México, co asesoramento de Emilia Ferreiro, cuxa finalidade principal é fomentar a escritura entre os nenos e mozos de fala española, facilitar a súa publicación e favorecer o intercambio de opinións entre eles.

<http://www.cuatrogatos.org>

CUATROGATOS. Revista de periodicidade trimestral. As súas seccións son: Foro; Noticias; Índices; Enlaces; Números anteriores. Todas elas son destacables, pero especialmente a crítica literaria .

<http://www.alonsoquijano.org>

FUNDACIÓN ALONSO QUIJANO. As súas accións van encamiñadas á promoción da lectura entre a cidadanía, e especialmente entre os mozos, así como á organización de actividades de formación de profesores, educadores e promotores culturais. Publica a revista *Mi biblioteca*.

B. RECURSOS EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS

<http://www.pnte.cfnavarra.é/publicacións/pdf/estudar.pdf>

Capítulo da serie BLITZ da autora M^a Jesús Illescas en formato pdf. centrado na formación de usuarios e na investigación na biblioteca escolar.

<http://www.quadraquinta.org/inicio.html>

Alfabetización en técnicas de procura documental en enciclopedias e dicionarios, con actividades propostas tamén por M^a Jesús Illescas.

<http://www.bibliotecaescolar.info/actividades/indice.htm>

Gloria Durban ofrécenos nesta páxina un bo traballo de achega ó itinerario formativo para chegar a ser un experto en información, agrupado en cinco unidades que conteñen excelentes guías de traballo.

<http://www.bibliotecaescolar.info/castellano.htm>

Nesta ligazón Gloria Durban ofrece unha ferramenta para o desenvolvemento de prácticas lectoras e habilidades intelectuais

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/%7Esptmalaga/m45b102/media/docum/Mon04Fube/pdf>

Interesante e completa ligazón sobre a formación de usuarios na BE.

http://www.esdelibro.es/archivos/documentos/guia_alumnos.pdf

Guía práctica para estudantes sobre como realizar un traballo de investigación

<http://www.aulactiva.com/rutas>

Rutas de aprendizaxe para aprender con Internet

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continuada da posta en marcha do proxecto. O Equipo Coordinador deberá contar cos informes iniciais e finais dos distintos departamentos didácticos, do responsable da biblioteca e coas aportacións recollidas en distintos claustros. Nesta avaliación deberanse recoller:

1. Avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto lector.

2. Grao de concreción do proxecto lector nos plans anuais de lectura.

- Dos distintos departamentos.
- Da biblioteca.

3. Análise da competencia lectora do alumnado

A incidencia do Proxecto Lector na mellora das competencias comunicativas do alumnado será avaliada en cada unha das materias, con arranxo ao plan de avaliación de competencias comúns consensuada polo Claustro e deseñada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Esta avaliación será realizada por cada profesor na súa área ou materia e posta en común nos Departamentos Didácticos e e na Comisión de Coordinación Pedagóxica. A realización da proba de diagnóstico anual no terceiro curso de ESO permitirá ver a evolución do alumnado e permitiranos saber se se avanza na dirección correcta e analizar que cambios e adaptacións son necesarios no Proxecto Lector, no Proxecto Educativo e nos Proxectos Curriculares. Algúns dous aspectos que deberán estudarse e analizarse son:

- Lectura expresiva.
- Comprensión lectora.

- Expresión oral.
- Expresión escrita.
- Autonomía na busca de información.
- Actitude do alumno ante a lectura.
- Progresión nas competencias básicas no ámbito lector.

4. Avaliación do plan de uso da biblioteca

Corresponde ó Equipo da Biblioteca. Basearase na realización de enquisas; no grao de aceptación das propostas por alumnado, familias e docentes; na análise das estatísticas de préstamos; na cantidade e calidade das producións realizadas polo alumnado a proposta da biblioteca; e no grao de utilización de todos os recursos dispoñibles por parte dos usuarios potenciais.

5. Implicación, complicidade e apoio da familia.

As condicións familiares en canto á posesión de libros e outros recursos documentais axudan á biografía lectora do alumno. Neste ámbito privado cobra especial relevancia o garantir os recursos (e a información) para o acceso e goce das lecturas libres. O coñecemento real dos obxectivos do PL a través de contactos e entrevistas por parte da familia, a súa dispoñibilidade e grao de aceptación/ participación en actividades no aula e na biblioteca e o papel que poden adoptar como axentes dinamizadores doutros pais e nais, convértense en criterios de interese.

6. A presenza de actividades do PL no ciberespazo. É hoxe especialmente atractiva a integración das múltiples posibilidades de interacción que ofrece o ciberespazo para favorecer a lectura e a escritura.

7. Propostas de mellora.
